



Competencias Dixitais da poboación galega Ano 2025



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

- | | | |
|-------|--|---------|
| I. | Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais | Páx. 4 |
| II. | Modelo de análise | Páx. 11 |
| III. | Competencias Dixitais Xerais da poboación galega | Páx. 15 |
| IV. | Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións | Páx. 27 |
| V. | Competencias dixitais por dimensións e características sociodemográficas | Páx. 34 |
| VI. | Certificación Galega en Competencias Dixitais: COMDIX | Páx. 41 |
| VII. | Conclusións | Páx. 44 |
| VIII. | Outros estudos OSIMGA de referencia | Páx. 46 |



I. Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais

I. Introducción

Este informe elabórase no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás”¹.

Para a elaboración deste informe analizáronse os **datos publicados en novembro do ano 2025**, procedentes da “Enquisa sobre equipamento uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nos fogares” realizada polo INE², que permite obter unha foto da situación actual das competencias dixitais en Galicia aplicando metodoloxías deseñadas por EUROSTAT e aplicadas en todo o ámbito europeo.

Para valorar a análise das gráficas evolutivas do informe, cabe indicar en 2021 produciuse un cambio metodolóxico nas definicións e formas de medir as habilidades dixitais, polo que os resultados non son estritamente comparables na serie cos datos anteriores a 2021.

Ata 2020, as áreas de competencias analizadas eran 4, definidas como **Información** (buscar información na rede, interaccionar coas Administracións Públicas entre outras), a **Comunicación** (usar o correo electrónico, redes sociais, etc.), a **Resolución de problemas a través de Internet** (compras, aprendizaxe en liña, entre outras actividades) e o **Uso de software** (editar fotos, follas de cálculo, etc.). A partir de 2021 engádense algunhas novas variables unha quinta dimensión, a de **Seguridade dixital**.

O informe persigue así cinco grandes obxectivos:

- ✓ Actualizar o seguimento das habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.
- ✓ Identificar os puntos fortes e febles no ámbito das competencias dixitais en Galicia.
- ✓ Comparar os resultados co ámbito estatal e europeo.
- ✓ Describir os diferentes niveis de habilidades dixitais e informáticas da poboación tendo en conta o perfil socio demográfico.
- ✓ Ser un marco de referencia para medir as tendencias e necesidades para a dixitalización da poboación galega.

Por outra banda o Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades e aptitudes en competencias dixitais de acordo o marco europeo DigComp. No último capítulo do informe amósase a actividade certificadora desenvolvida no último ano pola AMTEGA.

1) A estratexia Galicia Dixital 2030: <https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/pdf/documento-egd2030.pdf>

2) https://www.ine.es/dyngs/INEbase/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176741&menu=resultados&idp=1254735576692

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dinámicas da poboación galega


A poboación galega conta con características demográficas a ter en conta en calquera análise da sociedade dixital.

A nosa comunidade defínese demográficamente por un nivel de avellentamento significativo, como acontece en toda Europa. Pódese ver na pirámide de poboación, máis ancha na poboación de máis de 45 anos que a máis moza. A media de idade galega é de 48,5 anos fronte aos 44,6 de España e 44,7 da UE, que reducen a súa distancia con Galicia nos últimos anos.

Dende un punto de vista de distribución e concentración no territorio, o 76,7% da poboación galega reside nas dúas provincias occidentais, tendo unha densidade de poboación de 142,85 habitantes por quilómetro cadrado na Coruña e 210,81 en Pontevedra, e de só 33,1 en Lugo e 42 en Ourense, provincias coa poboación máis avellentada (máis de 50 anos de media en ambas provincias).

A poboación feminina representa o 51,9% en Galicia, ao ser máis numerosa nos grupos de idade maiores de 35. O saldo migratorio galego é positivo, por máis de 20.000 persoas anuais nos tres últimos anos.

Pirámide de Poboación de Galicia. 2025



Elaborada por IGE, FONTE: INE. Censos de poboación e vivendas. 2025

En 2024, Galicia registrou un saldo migratorio favorable histórico de 30.325 persoas, cunha idade media dos/as inmigrantes chegados/as de 35,5 anos, e a poboación estranxeira alcanzou o seu máximo o 1 de xaneiro de 2025, representando o 6,4 % da poboación total. Ese ano, a inmigración estivo lixeiramente masculinizada (51,6 % homes fronte a 48,4 % mulleres), mentres que na emigración tamén predominan os homes (51,5 %), con diferenzas entre sexos moi estables no período 2021–2024. ⁽¹⁾

Economía Dixital e Empresas.

O sector TIC galego crece con vigor e conta xa con 3.179 empresas activas en 2024. O Valor Engadido Bruto achégase aos 2.000 millóns de euros. (Fonte: OSIMGA. Galicia Dixital: O Hipersector TIC en Galicia. Edición 2025).

O sector TIC emprega en Galicia a 23.993 persoas de media en 2025, das que 7.439 (31%) son mulleres. ⁽²⁾

Nas empresas tecnolóxicas galegas, en 2024, o 59,9% conta con empregados/as que teletraballan, co máximo do 93,3% no subsector de Telecomunicacións ⁽³⁾.

No ámbito das tecnoloxías disruptivas, o sector TIC galego amosa en 2024 un gran avance: o 48,6 % das empresas empregan solucións de Business Intelligence, o 40,2 % incorporan blockchain e o 36,4 % utilizan chatbots nos seus servizos.

A intelixencia artificial xa está presente no 38,3 % das empresas TIC, destacando a xeración de linguaxe escrita ou falada como o uso máis estendido, mentres que o Big Data é aplicado polo 35 % das empresas, maioritariamente combinado con técnicas de machine learning. O Internet das Cousas é empregado polo 36,6 %, especialmente a través de sensores e dispositivos intelixentes orientados á eficiencia e ao aforro enerxético. (Fonte: OSIMGA. Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2025)

(1) Fonte: IGE. https://www.ige.gal/estatico/estatRM.jsp?c=0201008&ruta=html/gl/OperacionsEstruturais/Indicadores_Migratorios_2025.html

(2) Fonte INE: Estadísticas de afiliacións á seguridade social

(3) Fonte: OSIMGA: https://www.osimga.gal/sites/default/files/fc_documentos/informe-empresas-tic2024_0.pdf

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos

Segundo o estudo [Galicia Dixital. A nosa vida en dixital. Edición 2024](#), o acceso a Internet nos fogares galegos amosa unha evolución claramente positiva entre 2021 e 2024. Neste período, a porcentaxe de fogares con acceso pasou do 92,2% en 2021 ao 95,5% en 2024, cun incremento progresivo ano a ano, o que ven a confirmar a consolidación do acceso dixital nos fogares galegos ao longo dos últimos anos.



O 95,5% dos fogares galegos contan con Internet contratado e a porcentaxe de fogares con velocidade de conexión superior a 100 Mbps rexistrou un forte crecemento entre 2021 e 2024, pasando do 30% ao 65,2%, o que reflicte unha mellora significativa na calidade da conectividade.

No 2024, 924.162 fogares galegos teñen contratado Internet, cun incremento de 55.208 fogares nos últimos catro anos.

A contratación de Internet dos fogares nos concellos de menos de 5.000 habitantes aumentou un 11,6% no período 2021-2024, e sitúase no 90,6%. Xa acada o 93,2% nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes, reducindo a fenda do rural co urbano.


O resto de tramos por tamaño de poboación, superan o 96% de fogares con internet contratado.

Vemos, no mapa adxunto, que só dúas comarcas non chegan, por moi pouco, ao 90% de dispoñibilidade de internet no fogar.




Fogares con Internet Contratado
Evolución Galicia 2021-2024

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2021-2024)

Fogares con Internet contratado
Ano 2024



Fonte: OSIMGA + IGE 2024

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos



O dispositivo electrónico máis estendido entre os galegos/as é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet (smartphone): o 95,7% da poboación galega ten un á súa disposición.

Tal e como se recolle no estudo *"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2024"*, o 80,7% dos fogares galegos dispoñen de ordenadores (de sobremesa, portátiles ou tablet); e a smart TV está presente xa en máis da metade dos fogares galegos (59,1%), consolidándose como un equipamento cotiá.



Os dispositivos máis avanzados e relacionados coa domótica como o altofalante intelixente (16,5%), continúan a medrar a bo ritmo, o que reforza progresivamente a presenza de tecnoloxías avanzadas nos fogares galegos.



No 2024, o crecemento dos internautas galegos é do 2,6% respecto do ano anterior, co que 1.871.307 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, un incremento de 113.114 mil internautas nos últimos catro anos.




As actividades preferidas dos internautas galegos son buscar información sobre bens e servizos (92,9%), telefonar por internet/videoconferencia (92,9%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (85,5%), ou usar banca electrónica (81,6%).

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas administracións públicas a través de Internet nos últimos doce meses foi do 86,6%, situando a Galicia por riba dos valores estatais e europeos.




Fogares con Ordenador. Ano 2024



Fonte: OSIMGA + IGE 2024



Equipamento tecnolóxico dos fogares galegos. 2024



Fonte: OSIMGA + IGE 2024

I. II. Perfil sociodemográfico do Internauta


INCLUSIÓN DIXITAL-CONVERXENCIA COA UE

En 2024, o 93,9 % da poboación galega de entre 16 e 74 anos utilizou Internet nos últimos tres meses, confirmando o alto nivel de inclusión dixital. Entre 2021 e 2024, Galicia incrementou o número de usuarios activos de Internet nun 5 %, un crecemento superior ao rexistrado tanto no conxunto de España (+2%) como na Unión Europea (+4,3%), o que evidencia unha clara converxencia dixital.

O uso de Internet é practicamente universal entre a poboación menor de 45 anos, con taxas superiores ao 99 % e valores moi similares ás medias estatal e europea.



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.
Galicia. 2024.





I. III. Transformación Dixital

TENDENCIAS QUE SE AFIANZAN

A DIXITALIZACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O 94,3% das galegas e o 93,5% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses. É un dato que corrobora a desaparición de toda fenda dixital de xénero entre galegos e galegas a nivel global, seguindo a tendencia observada tamén no ámbito estatal e europeo.



SOCIEDADE DIXITAL INCLUSIVA


AS FENDAS ESTRÉITANSE

A idade continúa a marcar diferenzas no uso de Internet, aínda que a fenda dixital segue a reducirse. A partir dos 54 anos os niveis de uso son menores que o promedio da poboación, pero destaca o forte avance nas idades máis elevadas, especialmente no grupo de 65 a 74 anos, onde xa o 74,8% da poboación emprega Internet, tras un notable incremento interanual.

Este progresivo peche da fenda tamén se observa no tramo de 55 a 64 anos, cun aumento sostido de usuarios nos últimos anos, o que reflicte unha mellora das competencias e dos usos dixitais nas persoas de máis idade.

Desde o punto de vista territorial, o uso de Internet medra en todos os tipos de hábitat, superando xa o 88% en calquera tamaño de concello. O avance é especialmente significativo nos municipios máis pequenos, que amosan claros sinais de converxencia cos ámbitos urbanos.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade e tamaño de municipio





II. Modelo de análise

II. O indicador de competencias dixitais fronte ao Marco de Competencias Dixitais

A Estratexia Galicia Dixital 2030, deseñada pola Xunta de Galicia, asume o obxectivo definido pola Comisión Europea de que “As capacidades dixitais básicas deberían formar parte das capacidades básicas transferibles que todas as persoas deberían ter para poder desenvolverse a nivel persoal, participar no conxunto da sociedade como cidadáns activos, utilizar os servizos públicos e exercer os seus dereitos básicos”.¹

A Comisión Europea desenvolve dende 2013 o **Marco de Competencias Dixitais para os Cidadáns**, tamén coñecido como Digicomp. Este marco proporciona unhas directrices e ferramentas a escala da UE para mellorar as competencias dixitais da cidadanía e planificar iniciativas de educación e formación para mellorar as competencias dixitais. En 2022 publícase a versión 2.2 do Marco de Competencias Dixitais para a Cidadanía², que contén exemplos de habilidades, coñecementos e actitudes dixitais.

Unha das ferramentas derivadas deste marco é o **Indicador de Competencias Dixitais**, que serve para establecer obxectivos xerais de dixitalización e para supervisar a economía e sociedade dixital.

Os contidos do presente informe son o resultado da medición do Indicador de Competencia Dixitais para Galicia, elaborada mediante a metodoloxía definida en Digicomp. Accédese ao estado do desenvolvemento das competencias dixitais a través dunha enquisa. O principal matiz desta medición respecto a Digicomp é que o segundo establece unha análise de coñecementos, habilidades e actitudes, mentres que o Indicador de Competencias Dixitais obtén estes coñecementos mediante a medición dos usos da poboación das diferentes ferramentas dixitais. Digicomp establece que os **obxectivos deberán basearse na porcentaxe de cidadanía que dispón de competencias como mínimo básicas** no indicador global, que se desagrega en cinco dimensións:

1. Alfabetización en materia de información e datos
2. Comunicación e colaboración
3. Creación de contidos dixitais.
4. Seguridade dixital.
5. Resolución de problemas.



1) Incluído na Estratexia Galicia Dixital 2030, citando a Comunicación da Comisión europea “Plan de Acción de Educación Dixital 2021-2027” (2020)

2) <https://publications.jrc.ec.europa.eu/repository/handle/JRC128415>

II. Metodoloxía

Dende 2015, a Comisión Europea establece, a través do Eurostat, o **indicador de competencias dixitais da poboación** que se integra na dimensión de Capital Humano do índice DESI, co que se mide a dixitalización dos países membros da UE.¹

Os datos que proveñen da Enquisa de uso das TIC a fogares dos países membros. Ata 2021, o indicador de competencias dixitais estaba conformado por catro dimensións:

- ❖ Competencias e habilidades de información e alfabetismo de datos
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa comunicación e colaboración
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa creación de contidos dixitais
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa resolución de problemas

En 2021 engadiuse unha nova dimensión e algunhas variables novas. A dimensión engadida é *Seguridade* (en competencias informáticas).

A nova dimensión tivo impacto no nivel de competencias dixitais xa que, para acadar o nivel básico é preciso dispoñer competencias básicas nas cinco dimensións, e pasar a nivel avanzado require competencias avanzadas nas cinco dimensións.

A fonte de información é a «Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación dos fogares» do INE dos anos 2019, 2020, 2021 e 2023 e 2025, das que OSIMGA fai unha explotación dos microdatos para difundir os resultados detallados.²




Nota: En todas as dimensións establécese a categoría de "Non avaliábeis" que son as persoas de 16 a 74 anos que non se conectaron a Internet nos últimos 3 meses

¹ Metodoloxía completa en eurostat: https://ec.europa.eu/eurostat/cache/metadata/en/isoc_sk_dskl_i21_esmsip2.htm

² En 2022 o INE non inclúen na enquisa TIC-H as variables para o cálculo das competencias dixitais, pasando a facilitarse de forma bianual

II. Metodoloxía: Compoñentes indicador de competencias dixitais





III. Competencias Dixitais Xerais da poboación galega

III. Competencias Dixitais

Indicador Global



Habilidades dixitais da poboación galega
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos


O nivel de competencias dixitais é o principal indicador de dixitalización dos cidadáns, utilizado como referente básico en toda a Unión Europea dende 2015.

No 2025, o 37,6% de galegos e galegas entre 16 e 74 anos ten competencias dixitais avanzadas, é dicir, máis dun terzo dos galegos/as dispoñen de nivel avanzado de habilidades dixitais nas cinco dimensións; información e alfabetización, comunicación, creación de contidos, resolución de problemas e seguridade, polo que é a categoría máis numerosa.

Ademais, o 61,4% dos galegos/as xa dispón de cando menos competencias dixitais básicas. A categoría de "non avaliados" contabiliza á cidadanía que non usou internet nos últimos 3 meses e redúcese nun 20,5% dende a última publicación (2023), quedando no 6,2%.

III. Competencias Dixitais

Indicador Global-Evolución Galicia



Fonte: INE (ETH) 2019-2023 Base: Persoas de 16 a 74 anos

As competencias dixitais básicas e avanzadas da poboación galega acadan o 61,4% no 2025, impulsadas principalmente polo incremento nas competencias dixitais avanzadas que suben 1,6 puntos porcentuais en dous anos.*

Descende a porcentaxe de galegos e galegas con competencias dixitais non avaliadas ata o 6,2%, o chanzo máis baixo da escada de competencias, o que reflicte unha maior incorporación da poboación á avaliación e ao uso das competencias dixitais.

* A comparación é dun lapso de dous anos porque a operación pasou a ser bianual en 2021. De 2020 a 2021 hai un cambio na metodoloxía, que fai que a comparación cos anos anteriores a 2021 sexa meramente orientativa.

III. Competencias Dixitais


Indicador Global-Evolución Galicia-España

RECORTE DE DISTANCIAS COA MEDIA ESTATAL

As distancias con España nos chanzos máis altos teñen unha tendencia global a converxer:

- Galicia reduce na serie histórica a distancia con España en competencias dixitais básicas e avanzadas, pasando de máis de 8 puntos de diferenza en 2020 a 5,1 puntos en 2025.
- Competencias dixitais inferiores ás básicas: suben lixeiramente (de 28,1% a 32,4%).
- Non avaliadas: redúcese de forma significativa a distancia entre Galicia e España, queda en 2,5 puntos porcentuais.


Evolución das competencias dixitais da poboación galega e española
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



III. Competencias Dixitais

Indicador Global –Comparación Galicia, España, UE

Competencias dixitais da poboación galega, española e europea. 2023-2025
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 2023-25 + EUROSTAT 2023-2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota: UE27 Máis información no seguinte enderezo: https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc_sk_dskL_i21/default/table?lang=en

Tanto Galicia como España seguen superando notablemente o promedio de cidadáns con competencias avanzadas respecto do total Europeo.

Tamén melloran os resultados na redución da porcentaxe de cidadáns non avaliables (que non utilizan internet), cunha baixada do 20,5% nos últimos dous anos en Galicia.

III. Competencias Dixitais

Indicador Global segundo características demográficas principais

		Competencias Dixitais			
		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non aviables
Xénero	Home	30,4%	24,8%	38,7%	6,1%
	Muller	34,2%	22,8%	36,6%	6,4%
Idade	16-24 anos	4,5%	34,0%	61,5%	0,0%
	25-34 anos	26,3%	16,2%	55,4%	2,1%
	35-44 anos	25,4%	27,0%	47,1%	0,5%
	45-54 anos	30,3%	22,0%	42,7%	5,0%
	55-64 anos	41,8%	26,6%	24,4%	7,2%
	65-74 anos	53,3%	18,7%	8,8%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	26,2%	26,0%	46,4%	1,4%
	Activos parados	40,3%	25,1%	26,6%	8,0%
	Estudantes	10,9%	26,9%	59,8%	2,4%
	Labores do fogar	49,1%	15,9%	21,7%	13,3%
	Pensionistas	55,0%	16,5%	7,5%	21,0%
	Outra situación	46,2%	22,9%	24,1%	6,8%
Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	38,4%	0,0%	13,8%	47,8%
	Educación Primaria	56,8%	14,7%	4,2%	24,3%
	1º etapa Ed.Secundaria	53,8%	22,2%	15,7%	8,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	30,2%	35,0%	32,6%	2,2%
	Graos universitarios	16,7%	21,1%	60,3%	1,9%
Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	24,6%	28,0%	45,1%	2,3%
	De 100 a 500 mil habitantes, non capitais	31,7%	26,1%	40,3%	1,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	41,4%	25,8%	31,7%	1,1%
	De 20 a 50 mil habitantes	31,8%	27,4%	36,4%	4,4%
	De 10 a 20 mil habitantes	37,4%	14,6%	41,0%	7,0%
Ingresos do Fogar	Menos de 10 mil habitantes	33,9%	23,2%	30,5%	12,4%
	Menos de 1.400 euros	40,7%	20,7%	27,1%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200 euros	38,0%	25,6%	29,9%	6,5%
	De 2.200 a menos de 3.100 euros	34,9%	25,3%	30,3%	9,5%
	De 3.100 a menos de 4.400 euros	30,0%	21,3%	45,5%	3,2%
	4.400 ou máis euros	21,8%	28,0%	48,2%	2,0%
	Total (%)	32,4%	23,8%	37,6%	6,2%




III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas

Indicador Global segundo características demográficas principais

Na análise das persoas con competencias básicas+avanzadas por colectivos, as tendencias máis claras que se observan son:

- O nivel de capacitación dixital diminúe a partir dos 45 anos.
- 4,1 puntos porcentuais de fenda de xénero.
- As persoas laboralmente activas e estudantes presentan habilidades dixitais moi superiores ás do resto dos colectivos.
- Obsérvanse tendencias crecentes nas habilidades dixitais segundo o nivel de ingresos, o tamaño do concello e o nivel educativo máximo acadado.



Fonte: INE (ETH) 2025

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas


Cruce do xénero con outras variables persoais

Na comparación por xénero, viuse como entre a cidadanía con competencias básicas+avanzadas por colectivos, existe unha fenda de xénero de 4,1 puntos.

Agora analízase se esta distancia é global ou só está causada porque que as mulleres teñen máis representación en estratos menos dixitalizados (unha idade media maior cos homes). A conclusión é que a fenda de xénero non se debe só a unha maior idade:

- Maior fenda dixital respecto aos homes nas idades elevadas, coas mulleres a uns 26,9 puntos porcentuais dos homes a partir dos 55 anos.
- Menos habilidades dixitais das mulleres cas os homes cando teñen menos estudos. Están a máis de 20 puntos cando o nivel de estudos é primarios ou menos que primarios.
- Labores do fogar é unha categoría máis numerosa entre as mulleres, é unha das categorías con competencias dixitais máis baixas, 28 puntos por debaixo da media.

Fonte: INE (ETH) 2025
 Base: Persoas de 16 a 74 anos
 Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"



III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas

Cruce do de Galicia-España por desagregacións

Viuse como na análise global que a media estatal de competencias básicas+avanzadas (66,5%) supera en 5,1 puntos porcentuais á galega (61,4%).


En xeral obsérvase que nos estratos de menor capacitación dixital é nos que ademais a media estatal supera á galega con maior marxe:

- Por xénero, mulleres españolas teñen máis capacitación dixital que as galegas, case 9 puntos.
- Por ocupación: pensionistas e labores do fogar están por detrás en Galicia con maior distancia ca calquera categoría.
- Por idade: maiores de 54 menos dixitalizados en Galicia.
- Por nivel de estudos: cando é menor que secundaria Galicia está por detrás da media española.

Pola contra, nos estratos de máis ingresos, nos estudantes e nas persoas máis novas (a poboación de 16 a 24 anos) é nos que se produce máis vantaxe a prol de Galicia.

Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




III. Competencias Dixitais básicas + avanzadas

Comparación por comunidades autónomas

Galicia sitúase por debaixo da media estatal (66,5%) na porcentaxe de poboación con competencias dixitais básicas e avanzadas, acada un 61,4%.

Só Madrid (71,8%) e Navarra (70,4%) superan o limiar do 70% de poboación con competencias dixitais básicas e avanzadas.


O menor peso das competencias dixitais en Galicia, en comparación co conxunto do Estado, pode relacionarse co seu maior avellentamento demográfico respecto a outras comunidades, reflectíndose nunha menor media global de competencias dixitais.



III. Competencias Dixitais: básicas + avanzadas

Mapa europeo


Galicia sitúase próxima á media española e por enriba da media europea, nun contexto no que España só é superada por un reducido grupo de países europeos con alto nivel dixital. No conxunto europeo, Galicia ocuparía unha posición intermedia-alta, a pouca distancia do Estado español.*



* No mapa, algúns países que non están na gráfica aparecen con datos provisionais por non estar dispoñible a puntuación de 2025. Destacan entre estes por acostumar a superar a España: Irlanda, Países Baixos e Finlandia

Competencias Dixitais básicas+ avanzadas

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



III. Competencias Dixitais

Resumo por características demográficas principais




- As habilidades dixitais básicas + avanzadas superan o 70% para a poboación menor de 45 anos.
- Tamén supera este limiar a poboación estudante e con titulación superior.



- A poboación “non avaliable” por non ser usuaria de internet supera o 10% a partir dos 65 anos, entre as persoas inactivas que non son estudantes, os que non acadaron estudos primarios, e residen en concellos de menos de 10.000 habitantes.



- A fenda de xénero é de 4,1 puntos porcentuais e queda explicada principalmente polo maior peso da poboación feminina nos estratos sociodemográficos menos dixitalizados: poboación maior, con menos estudos, menos ingresos e inactiva.





IV. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións

IV. Competencias dixitais: información e alfabetización de datos

Comparativa Galicia-España-UE 27



INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS



En 2025, o 86,5% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de información e alfabetización de datos, 0,4 puntos máis que en 2023.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2023, 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Habilidades involucradas:

- Buscar información sobre bens ou servizos
- Ler novas
- Comprobar fiabilidade da información de Internet: participando en debates sobre a información



- Buscar información sobre saúde
- Comprobar fiabilidade da información de Internet verificando as fontes ou por Internet
- Comprobar fiabilidade da información de Internet mediante outras fontes fóra de Internet

IV. Competencias dixitais: comunicación e colaboración

Comparativa Galicia-España-UE 27



COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN



En 2024, o 92,8% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de “Comunicación e colaboración”, aumentando así en case 2 puntos dende o estudo anterior.

Galicia mantén a distancia respecto á media española nas persoas con competencias avanzadas en “Comunicación e colaboración”, e segue a estar por enriba da media europea.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2023, 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Actividades involucradas

- Enviar e recibir correos electrónicos
- Usar mensaxería instantánea
- Emitir opinións sobre asuntos de tipo social ou político en sitios web ou en redes sociais



- Realizar ou recibir videochamadas a través de Internet
- Participar en redes sociais
- Tomar parte en consultas online ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos

IV. Competencias dixitais: creación de contidos dixitais

Comparativa Galicia-España-UE 27



CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS



En 2025, o 68,1% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en "creación de contidos dixitais", 3,4 puntos menos que en 2023.

Galicia converxe coa media europea en competencias avanzadas, situándose practicamente no mesmo nivel. O 46,9% da poboación galega conta con competencias dixitais avanzadas. Este valor sitúase lixeiramente por riba da media da UE-27 (46,2%)

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2023, 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Actividades involucradas



- Usar un procesador de texto
- Usar software para editar fotos, vídeo ou audio
- Crear arquivos que incorporen varios elementos
- Programar en linguaxe de programación
- Usar follas de cálculo
- Copiar ou mover arquivos entre cartafolios, dispositivos ou a nube,
- Usar funcións avanzadas de follas de cálculo para organizar, estruturar ou modificar datos

IV. Competencias dixitais: resolución de problemas

Comparativa Galicia-España-UE 27



RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS



En 2025, o 86,8% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de resolución de problemas, 2 puntos máis que en 2023.

Galicia está a 2,2 puntos da media española de persoas con competencias básicas ou avanzadas en "Resolución de problemas", mentres no 2023 estaba a 2,6.

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2023, 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Actividades involucradas:

- Descargar ou instalar software ou aplicacións
- Comprar online nos últimos 12 meses
- Realizar curso online (ou parcialmente online)
- Usar banca online



- Cambiar configuración de software, aplicación ou dispositivo
- Vender bens ou servizos a través dun sitio web ou app
- Usar material de aprendizaxe online
- Buscar emprego ou enviar unha solicitude a un posto de traballo

IV. Competencias dixitais: seguridade

Comparativa Galicia-España-UE 27



SEGURIDADE



En 2025, o 77,3% dos galegos/as de 16 a 74 anos acadan competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de seguridade, 0,7 puntos máis que en 2023.

Galicia acada un 64,7% da poboación con competencias avanzadas en seguridade dixital, situándose claramente por riba da media europea (51,3%) e lixeiramente por debaixo da española (66,7%).

Fonte: INE (ETH) E EUROSTAT 2023, 2025 Base: Persoas de 16 a 74 anos

Actividades involucradas:

- Comprobar seguridade dun sitio web
- Restringir ou negar acceso a ubicación xeográfica
- Denegar uso de información para publicidade

- Ler a política de privacidade dun sitio web
- Limitar acceso a perfil ou contidos en redes sociais ou de almacenamento compartido
- Configurar navegador para limitar cookies

IV. Competencias Dixitais: Dimensións.



A análise desagregada das competencias dixitais por dimensións amosa que Galicia presenta niveis de competencias dixitais básicas e avanzadas superiores á media europea en todas as áreas analizadas, consolidando unha posición favorable no contexto da UE-27 e reforzando o proceso de converxencia europea iniciado en anos anteriores.



As competencias dixitais de **Comunicación e colaboración** son as máis estendidas en Galicia: en 2025, o 92,8 % da poboación dispón dun **nivel básico ou avanzado**, por riba da media europea e cunha distancia estable respecto da media estatal, que continúa sendo máis elevada.



A área que máis mellorou en competencias dixitais nos últimos dous anos é **Resolución de problemas**, onde a poboación con nivel básico ou avanzado paso do 84,8% ao 86,8%



As habilidades dixitais en **Seguridade** no 2025, o 77,3% da poboación dispón de competencias básicas ou avanzadas nesta dimensión, 0,7 máis que o ano anterior, e 64,7% en competencias avanzadas, o que supón unha clara vantaxe respecto da media europea (51,3%), aínda que España continúa cun valor superior ao galego.








A **Creación de contidos dixitais** segue a ser a dimensión con menor nivel de extensión tanto en Galicia como no conxunto do Estado. En 2025, o 68,1% dos galegos/as presenta competencias básicas ou avanzadas neste ámbito, cifra inferior á de 2023. Con todo, Galicia mantense lixeiramente por riba da media europea e reforza a súa converxencia coa UE-27 nas competencias avanzadas, situándose practicamente no mesmo nivel.



A **información e alfabetización de datos** presenta resultados moi positivos en Galicia. En 2025, o 86,5% da poboación dispón de competencias dixitais básicas ou avanzadas, preto da media estatal.





V. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións e características sociodemográficas

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	7,3%	11,5%	75,0%	6,2%
	España	6,5%	10,5%	79,3%	3,7%
	Galicia	7,3%	10,5%	76,0%	6,2%
	Home	8,3%	11,5%	74,1%	6,1%
	Muller	6,2%	9,6%	77,8%	6,4%
	16-24 anos	0,0%	16,9%	83,1%	0,0%
Idade	25-34 anos	2,1%	12,4%	83,4%	2,2%
	35-44 anos	10,1%	9,5%	79,9%	0,5%
	45-54 anos	8,0%	5,3%	81,7%	5,1%
	55-64 anos	6,2%	9,8%	76,7%	7,2%
	65-74 anos	13,2%	13,9%	53,6%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	5,3%	7,8%	85,5%	1,4%
	Activos parados	11,5%	9,8%	70,7%	8,0%
	Estudantes	0,0%	20,9%	76,7%	2,4%
	Labores do fogar	17,5%	3,7%	65,5%	13,3%
	Pensionistas	12,1%	15,6%	51,4%	21,0%
	Outra situación	16,3%	5,3%	71,5%	6,8%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	0,0%	38,4%	13,8%	47,8%
	1º etapa Ed.Secundaria	22,1%	14,8%	38,8%	24,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	13,9%	13,6%	64,2%	8,3%
	Formación profesional de grao superior	3,4%	14,8%	79,6%	2,1%
	Graos universitarios	3,2%	4,1%	90,7%	1,9%
	Capitais de provincia	3,4%	4,6%	89,7%	2,3%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	3,9%	17,3%	76,9%	1,8%
	De 50 a 100 mil habitantes	8,0%	9,9%	81,0%	1,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	8,9%	10,7%	76,0%	4,4%
	De 10 a 20 mil habitantes	9,0%	12,6%	71,4%	7,0%
	Menos de 10 mil habitantes	9,1%	9,9%	68,7%	12,4%
Ingresos do Fogar	Menos de 1.400 euros	8,0%	7,9%	72,6%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200	15,0%	11,1%	67,3%	6,6%
	De 2.200 a menos de 3.100	6,3%	16,7%	67,5%	9,4%
	De 3.100 a menos de 4.400	6,0%	10,5%	80,2%	3,2%
	4.400 ou máis euros	3,9%	7,4%	86,7%	2,0%

V. Competencias Dixitais: Dimensións e Características Sociodemográficas

COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliables
Xénero	Europa (EU27)	1,7%	5,4%	86,7%	6,2%
	España	0,3%	3,9%	92,0%	3,7%
	Galicia	1,0%	5,6%	87,2%	6,2%
	Home	1,7%	6,6%	85,6%	6,1%
	Muller	0,3%	4,6%	88,8%	6,4%
	Idade	16-24 anos	0,0%	0,0%	100,0%
25-34 anos		0,0%	4,8%	93,1%	2,1%
35-44 anos		0,0%	2,6%	96,9%	0,5%
45-54 anos		2,4%	4,9%	87,7%	5,0%
55-64 anos		0,0%	5,6%	87,2%	7,2%
65-74 anos		2,6%	13,9%	64,3%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	0,7%	2,3%	95,5%	1,4%
	Activos parados	0,0%	11,4%	80,6%	8,0%
	Estudantes	0,0%	0,0%	97,6%	2,4%
	Labores do fogar	3,4%	11,7%	71,6%	13,3%
	Pensionistas	2,5%	15,0%	61,5%	21,0%
	Outra situación	0,0%	7,0%	86,2%	6,8%
Estudos	Primarios e primaria incompleta	0,0%	0,0%	52,2%	47,8%
	1º etapa Ed.Secundaria	4,1%	23,6%	48,0%	24,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	1,0%	8,6%	82,2%	8,3%
	Formación profesional de grao superior	0,2%	3,5%	94,1%	2,2%
	Graos universitarios	1,0%	2,3%	94,8%	1,9%
	Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	1,4%	2,3%	94,0%
Máis de 100.000, non capitais provinciais		1,0%	7,1%	90,0%	1,9%
De 50 a 100 mil habitantes		0,0%	12,0%	86,9%	1,1%
De 20 a 50 mil habitantes		0,3%	5,4%	90,0%	4,4%
De 10 a 20 mil habitantes		2,3%	3,8%	86,9%	7,0%
Menos de 10 mil habitantes		0,5%	7,8%	79,3%	12,4%
Ingresos do Fogar	Menos de 1.400 euros	4,2%	4,6%	79,7%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200	1,8%	11,9%	79,7%	6,5%
	De 2.200 a menos de 3.100	0,0%	4,6%	85,9%	9,5%
	De 3.100 a menos de 4.400	0,0%	4,3%	92,5%	3,2%
	4.400 ou máis euros	0,0%	3,2%	94,8%	2,0%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	25,3%	22,3%	46,2%	6,2%
	España	22,2%	23,1%	51,0%	3,7%
	Galicia	25,7%	21,2%	46,9%	6,2%
	Home	24,4%	20,4%	49,1%	6,1%
	Muller	27,0%	21,9%	44,7%	6,4%
	Idade	16-24 anos	1,3%	20,4%	78,3%
25-34 anos		20,2%	13,1%	64,6%	2,1%
35-44 anos		19,3%	24,0%	56,2%	0,5%
45-54 anos		25,1%	16,8%	53,1%	5,0%
55-64 anos		35,0%	25,9%	31,9%	7,2%
65-74 anos		42,1%	25,2%	13,5%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	20,7%	21,2%	56,7%	1,4%
	Activos parados	25,1%	27,1%	39,8%	8,0%
	Estudantes	9,4%	14,0%	74,2%	2,4%
	Labores do fogar	45,0%	19,9%	21,7%	13,3%
	Pensionistas	45,0%	22,6%	11,4%	21,0%
	Outra situación	41,9%	24,2%	27,1%	6,8%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	38,4%	0,0%	13,8%	47,8%
	1º etapa Ed.Secundaria	53,1%	10,8%	11,7%	24,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	44,9%	26,7%	20,1%	8,3%
	Formación profesional de grao superior	21,9%	30,7%	45,2%	2,2%
	Graos universitarios	11,8%	15,1%	71,2%	1,9%
	Tamaño Hábitat	Capitais de provincia	18,9%	21,6%	57,1%
Máis de 100.000, non capitais provinciais		26,4%	21,4%	50,4%	1,9%
De 50 a 100 mil habitantes		37,0%	18,6%	43,3%	1,1%
De 20 a 50 mil habitantes		20,6%	25,3%	49,7%	4,4%
De 10 a 20 mil habitantes		31,1%	17,6%	44,3%	7,0%
Menos de 10 mil habitantes		29,1%	20,4%	38,1%	12,4%
Ingresos do Fogar	Menos de 1.400 euros	32,2%	21,0%	35,3%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200	30,5%	28,0%	34,9%	6,5%
	De 2.200 a menos de 3.100	31,2%	17,0%	42,4%	9,5%
	De 3.100 a menos de 4.400	21,4%	20,0%	55,4%	3,2%
	4.400 ou máis euros	17,6%	23,0%	57,5%	2,0%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	7,7%	24,3%	61,8%	6,2%
	España	7,3%	21,7%	67,3%	3,7%
	Galicia	7,0%	23,2%	63,6%	6,2%
	Home	6,8%	21,4%	65,7%	6,1%
	Muller	7,4%	24,7%	61,5%	6,4%
	16-24 anos	0,0%	8,7%	91,3%	0,0%
Idade	25-34 anos	0,0%	10,5%	87,4%	2,1%
	35-44 anos	2,3%	17,6%	79,6%	0,5%
	45-54 anos	7,4%	23,5%	64,0%	5,0%
	55-64 anos	4,8%	36,0%	52,0%	7,2%
	65-74 anos	24,2%	31,2%	25,3%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	3,0%	20,4%	75,2%	1,4%
	Activos parados	4,0%	16,9%	71,1%	8,0%
	Estudantes	0,0%	13,9%	83,7%	2,4%
	Labores do fogar	15,5%	38,1%	33,1%	13,3%
	Pensionistas	21,4%	35,6%	22,0%	21,0%
	Outra situación	23,6%	30,4%	39,2%	6,8%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	19,2%	19,2%	13,8%	47,8%
	1º etapa Ed.Secundaria	26,9%	33,5%	15,3%	24,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	12,2%	37,0%	42,4%	8,3%
	Formación profesional de grao superior	2,8%	21,7%	73,3%	2,2%
	Graos universitarios	2,6%	14,5%	81,0%	1,9%
	Capitais de provincia	4,3%	25,1%	68,2%	2,3%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	7,6%	20,0%	70,5%	1,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	7,8%	23,7%	67,4%	1,1%
	De 20 a 50 mil habitantes	6,3%	21,2%	68,1%	4,4%
	De 10 a 20 mil habitantes	7,9%	23,6%	61,5%	7,0%
	Menos de 10 mil habitantes	8,8%	24,3%	54,5%	12,4%
Ingresos do Fogar	Menos de 1.400 euros	8,1%	33,0%	47,4%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200	12,6%	26,4%	54,5%	6,5%
	De 2.200 a menos de 3.100	6,1%	27,4%	57,1%	9,5%
	De 3.100 a menos de 4.400	6,6%	20,7%	69,5%	3,2%
	4.400 ou máis euros	3,2%	12,8%	82,0%	2,0%

V. Competencias Dixitais: Dimensións e Características Sociodemográficas

SEGURIDADE

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Xénero	Europa (EU27)	19,2%	23,3%	51,3%	6,2%
	España	15,1%	14,5%	66,7%	3,7%
	Galicia	16,5%	12,6%	64,7%	6,2%
	Home	16,1%	10,6%	67,3%	6,1%
	Muller	16,8%	14,5%	62,3%	6,4%
	16-24 anos	3,2%	9,2%	87,6%	0,0%
Idade	25-34 anos	14,9%	4,1%	78,9%	2,1%
	35-44 anos	9,1%	12,7%	77,7%	0,5%
	45-54 anos	15,1%	12,6%	67,3%	5,0%
	55-64 anos	15,8%	18,1%	58,9%	7,2%
	65-74 anos	36,5%	14,1%	30,2%	19,2%
Situación Laboral	Activos ocupados	11,4%	12,6%	74,6%	1,4%
	Activos parados	15,0%	10,7%	66,3%	8,0%
	Estudantes	7,6%	9,3%	80,7%	2,4%
	Labores do fogar	25,6%	22,4%	38,7%	13,3%
	Pensionistas	33,5%	14,6%	30,9%	21,0%
	Outra situación	34,5%	3,7%	55,0%	6,8%

		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaliáveis
Estudos	Primarios e primaria incompleta	38,4%	0,0%	13,8%	47,8%
	1º etapa Ed.Secundaria	34,0%	17,5%	24,1%	24,3%
	2º etapa Ed.Secundaria	25,6%	13,1%	53,0%	8,3%
	Formación profesional de grao superior	14,1%	20,3%	63,3%	2,2%
	Graos universitarios	8,3%	7,8%	82,0%	1,9%
	Capitais de provincia	13,8%	13,6%	70,3%	2,3%
Tamaño Hábitat	Máis de 100.000, non capitais provinciais	17,2%	13,8%	67,1%	1,9%
	De 50 a 100 mil habitantes	13,5%	22,9%	62,5%	1,1%
	De 20 a 50 mil habitantes	20,2%	10,9%	64,5%	4,4%
	De 10 a 20 mil habitantes	16,6%	9,6%	66,8%	7,0%
	Menos de 10 mil habitantes	15,5%	13,3%	58,8%	12,4%
Ingresos do Fogar	Menos de 1.400 euros	19,6%	11,0%	58,0%	11,5%
	De 1.400 a menos de 2.200	23,0%	15,4%	55,1%	6,5%
	De 2.200 a menos de 3.100	17,6%	17,5%	55,3%	9,5%
	De 3.100 a menos de 4.400	17,3%	7,6%	71,9%	3,2%
	4.400 ou máis euros	7,9%	14,0%	76,2%	2,0%



COMPETENCIAS AVANZADAS E AVANZADAS+BÁSICAS

En todas as dimensións, as competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 16 a 24 anos e 25 e 34 anos, estudantes e residentes en concellos de máis de 20 mil habitantes. Ademais, tal e como se destacaba no indicador global, con carácter xeral, este tipo de habilidades é máis frecuente entre aqueles/as que teñen formación universitaria.


Cabe salientar que nas dimensións de "Comunicación e colaboración" e "Información e alfabetización" as mulleres superan aos homes no nivel avanzado.

CONTRASTES POR PERFIL DEMOGRÁFICA

As maiores diferenzas obsérvanse na dimensión de "Creación de contidos dixitais", tanto por idades, nivel educativo, tamaño do hábitat como nivel de ingresos.

Pola contra, a maior converxencia atópase en "Información e alfabetización" e en "Comunicación e colaboración".





VI. Certificación galega en competencias dixitais: ComDix

VII. Certificación galega en competencias dixitais: ComDix

A IMPORTANCIA DAS COMPETENCIAS DIXITAIS

A transformación dixital está a redefinir a forma en que as persoas se relacionan, traballan e acceden aos servizos. Neste contexto, as competencias dixitais convertéronse nunha capacidade esencial para participar de maneira activa, segura e eficaz nunha sociedade cada vez máis dixitalizada.

MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS

Co obxectivo de impulsar unha cidadanía preparada para afrontar os retos da era dixital, a Xunta de Galicia desenvolveu o **Marco Galego de Competencias Dixitais (MGCD)**, aliñado co marco europeo DigComp e concibido como o **instrumento de referencia para definir, desenvolver e acreditar as competencias dixitais da poboación galega**. Este marco, regulado polo Decreto 123/2021, establece unha estrutura común de coñecementos, habilidades e actitudes dixitais, así como os mecanismos necesarios para a súa avaliación e acreditación.

COMDIX

Neste contexto xorde ComDix, a certificación galega en competencias dixitais, como o **sistema oficial de acreditación das competencias dixitais da cidadanía galega**. Baseada no Marco galego de competencias dixitais (MGCD), e aliñada co marco europeo DigComp, ComDix permite avaliar e certificar os coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para desenvolverse de forma efectiva, segura, crítica e responsable no contorno dixital. A certificación estrutúrase arredor de **cinco áreas de dominio**, que agrupan un total de 21 competencias:


1. Información e datos.
2. Comunicación e colaboración.
3. Creación de contido dixital.
4. Seguridade e privacidade.
5. Contorno dixital e resolución de problemas.

Desde a súa posta en marcha, ComDix evolucionou incorporando distintas vías de obtención da certificación, que inclúen a superación de probas de avaliación, a validación de formacións e acreditacións previas, a realización de itinerarios formativos con avaliación continua o a equivalencia con outras certificacións. Esta evolución consolida o ComDix como unha das principais ferramentas para impulsar a capacitación, a inclusión e a acreditación dixital en Galicia.




VII. Certificación galega en competencias dixitais: ComDix


Certificacións por ámbito



Certificacións por nivel



Certificacións por vía de obtención



Fonte: AMTEGA

En 2025 AMTEGA expide un total de **42.414** certificacións de competencias dixitais ComDix á cidadanía galega.

A maior parte das certificacións expídense mediante convocatorias no ámbito educativo, vencellados a probas na ESO e a FP, tanto ordinaria como de adultos.

A maior parte destas certificacións son no nivel de iniciación (26.398), aínda que una parte significativa (16.016, o 38%), xa alcanzan o nivel intermedio.

A vía de obtención máis numerosa é a "equivalencia", que está ligada ao nivel adquirido en determinadas especialidades de 4º da ESO, FP básica e FP de grao superior.





VII. Conclusiones

VI. Conclusións

TENDENCIAS

As competencias dixitais básicas e avanzadas da poboación galega acadan o 61,4% no 2025, impulsadas principalmente polo incremento nas competencias dixitais avanzadas que teñen un incremento de 1,6 puntos porcentuais en dous anos

Galicia continúa a reducir a distancia coa media estatal e sitúase nunha posición intermedia-alta no contexto europeo, con resultados superiores á media da UE no indicador global de competencias dixitais básicas e avanzadas.

DEBILIDADES

Persisten bolsas de menor capacitación dixital en colectivos específicos:

- Persoas maiores de 55 anos, especialmente a partir dos 65.
- Poboación con baixo nivel educativo (inferior á segunda etapa de secundaria)
- Persoas inactivas, particularmente pensionistas e dedicadas ás labores do fogar.
- Fogares con ingresos baixos e residentes en concellos pequenos.

Ademais, mantense unha fenda de xénero de 4,1 puntos porcentuais, explicada polo maior peso das mulleres nos estratos sociodemográficos menos dixitalizados e por niveis inferiores de competencia feminina en resolución de problemas e seguridade.



COMPETENCIAS DIXITAIS

As competencias relacionadas coa Comunicación e colaboración son as máis frecuentes entre a poboación galega, practicamente universais nos grupos máis novos.

As habilidades dixitais en Seguridade da poboación galega son as que superan con maior diferenza a media europea.

A creación de contidos dixitais continúa a ser a área competencial menos estendida, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, e aquela onde se concentran maiores diferenzas por idade, nivel educativo e ingresos

PERSPECTIVA DE CRECEMENTO

A porcentaxe de galegos/as con competencias dixitais avanzadas tivo un crecemento relativo dun 4,4% nos últimos dous anos.

Os datos reflicten unha tendencia claramente positiva cara a unha sociedade dixital máis inclusiva.

O avance futuro da capacitación dixital dependerá, fundamentalmente, de:

- A progresiva incorporación das persoas actualmente non usuarias de Internet.
- O aumento do nivel educativo xeral, fortemente vinculado á mellora das competencias dixitais.
- O reforzo das políticas de formación e acompañamento dixital das persoas maiores de 55 anos e dos colectivos con menor nivel educativo.



VIII. Outros estudos OSIMGA de referencia

VII. Outros estudos OSIMGA de referencia



AGENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Este informe avalía a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



AGENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais dende o punto de vista do emprego, a riqueza e a demografía empresarial.



AGENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

O estudo "Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2024", elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), en base unha enquisa realizada entre maio e xullo do ano 2024, recollendo indicadores novos como o teletraballo ou a adopción de tecnoloxías disruptivas.

É un informe de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026.



Xacoboo 2027

AGENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

A información que se presenta procede da "Mulleres en dixital. O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero. Edición 2025" analiza comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia a través de datos proporcionados por o IGE e o INE (TIC-H).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA